



Neste documento facilitámoslle un resumo deste seguro. A información precontractual e contractual completa relativa a el proporciónase noutros documentos, que son os que regulan a relación entre as partes.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro destinado a indemnizar o asegurado, ata o límite da suma asegurada, no caso de falecemento accidental ou roubo de cans e gatos de uso doméstico. Ademais, inclúe outras coberturas relativas ao animal e a defensa xurídica e responsabilidade civil do asegurado.



Que se asegura?

COBERTURAS INCLUIDAS en todo caso:

- ✓ Accidentes: indemnización ao asegurado en caso de morte ou sacrificio necesario do animal, polo valor dun cachorro de iguais características.
- ✓ Roubo: indemnización ao asegurado en caso de roubo do animal, polo valor dun cachorro de iguais características.
- ✓ Extravío: reembolso de gastos de inserción de anuncios en prensa ou radio local, para a busca do animal.
- ✓ Sacrificio e eliminación do cadáver: reembolso dos custos cando, a xuízo dun veterinario, proceda o sacrificio do animal por lesións debidas a accidente ou por deterioración física.
- ✓ Estancia en residencia canina: reembolso dos gastos desta cando sexan necesarios por falecemento, enfermidade ou hospitalización do asegurado, o seu cónxuxe ou fillos.
- ✓ Defensa xurídica: gastos de defensa do asegurado na súa condición de titular do animal asegurado, en determinados procedementos, así como orientación xurídica telefónica.
- ✓ Atención telefónica de orientación veterinaria e consultas sobre animais.
- ✓ Atención veterinaria, coa posibilidade de elixir entre:
 - Reembolso de gastos veterinarios por accidente.
 - Asistencia veterinaria por accidente ou enfermidade (límite ata 1000 ou 2000 euros).

COBERTURAS DE CONTRATACIÓN OPCIONAL:

- ✓ Responsabilidade civil por danos a terceiros causados polo animal asegurado.



Que non está asegurado?

En ningún caso están asegurados os danos ou gastos derivados de:

- ✗ Mala fe do asegurado.
- ✗ Conflitos armados, motíns, tumultos populares, terrorismo, rebelión e sedición, actuacións forzas e corpos de seguridade.
- ✗ Fenómenos da natureza, caída de corpos siderais e aerólitos ou enerxía nuclear.
- ✗ Participación dos animais asegurados en apostas ou desafíos.
- ✗ Malos tratos, exceso de traballo, falta, insuficiencia ou mala calidade hixiénica de alimentos ou cuidados aos animais.
- ✗ Lesións, enfermidades ou anomalías anteriores á contratación do seguro, aínda que sexan conxénitas.
- ✗ Calquera suceso relacionado co exercicio da caza.

Tampouco están asegurados outros feitos específicos de cada cobertura, entre os que destacan:

Na cobertura de accidentes:

- ✗ Envenenamentos e intoxicacións, picaduras ou mordeduras de insectos, ácaros, roedores ou outros mamíferos.
- ✗ Lesións derivadas da idade.
- ✗ Intervencións cirúrxicas de tipo estético.

Na cobertura de roubo:

- ✗ O furto e extravío.

Na cobertura de sacrificio e eliminación de cadáver:

- ✗ Sacrificio do animal por alteracións do seu comportamento ou conduta, incluso por agresividade.

Na cobertura de responsabilidade civil:

- ✗ Infracción deliberada das normas legais.
- ✗ O pagamento de sancións ou multas.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Si, existen distintos límites nas coberturas, dos que destacan os seguintes:

- ! As coberturas non se aplicarán ata que transcorran 15 días desde a data de aseguramento do animal, excepto o sacrificio por vellez ou enfermidade, que require que transcorrese 1 ano.
- ! Cobertura de extravío: reembolso ata 155 euros por cada feito que xere cobertura.
- ! Cobertura de sacrificio e eliminación do cadáver: reembolso ata 150 euros por cada feito que xere cobertura.
- ! Cobertura de estancia en residencia canina: reembolso ata 350 euros por anualidade de seguro.
- ! Coberturas de defensa xurídica: ata 3000 euros por todas as actuacións derivadas da mesma causa.
- ! Cobertura de reembolso de gastos veterinarios por accidente: ata 1000 euros por cada feito que xere cobertura.
- ! Cobertura de asistencia veterinaria por accidente ou enfermidade: ata 1000 ou 2000 euros (segundo elección do contratante) por anualidade de seguro.



Onde estou cuberto?

- ✓ En España.



Cales son as miñas obrigas?

- Pagar o seguro.
- Facilitarlle á aseguradora toda a información necesaria para que poida valorar o risco antes de formalizar o contrato.
- Comunicarlle á aseguradora calquera cambio na información dada na contratación durante toda a vixencia do contrato.
- Comunicarlle á aseguradora os feitos que poidan dar lugar á indemnización ou a outras prestacións, no prazo de sete días desde que se coñezan, achegando a información e documentación necesarias para comprobar e valorar os danos, permitindo a actuación dos técnicos nomeados pola aseguradora para estes efectos.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

No momento da contratación. O pagamento é anual, salvo que se estableza outra cousa no contrato. Pode pactarse o seu fraccionamento. Poderá efectuarse o pagamento mediante domiciliación bancaria.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

A cobertura comeza e termina na data que figure nas condicións particulares do contrato, salvo prórroga.



Como podo rescindir o contrato?

O contratante poderá opoñerse á prórroga do contrato con, polo menos, un mes de antelación á conclusión do período en curso, sen alegar ningunha causa.